



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NON CONCORRENCIA

O carácter singular tanto do *Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social* (actualmente Política Social e Igualdade) e o *Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia polo que se encomenda a xestión dos sistemas de información básicos do sistema galego de servizos sociais* como do acordo expreso da súa prórroga, ven dado pola súa constitución como instrumentos xurídicos no que se recollen as condicións específicas e as obrigas dimanantes da xestión encomendada, así como as facultades que se reserva o órgano encomendante como titular da competencia.

A falla de convocatoria pública xustificouse no seu momento no feito de que o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en diante COTSG) é o organismo que ten legalmente atribuída a ordenación do exercicio da profesión do traballo social, así como a promoción da investigación científica da ciencia e técnica do traballo social e da formación e perfeccionamento dos seus colexiados para a mellora do nivel de calidade das súas prestacións profesionais. Esta situación continúa invariable e segue xustificando a non conveniencia de optar por unha contratación pública namentres que aconsella manter a figura da encomenda de xestión en favor do COTSG nas mesmas circunstancias e condicións. Por outra parte, a referida xestión dos sistemas de información básicos considérase como servizo necesario para o funcionamento básico dos servizos sociais, razón esta que fundamenta a decisión de estender no tempo a encomenda de xestión vixente.

A unicidade do COTSG outorgoulle unha posición privilexiada e exclusiva para levar a cabo o obxecto da encomenda que agora se pretende estender no tempo porque o feito de que inclúa no seu seo a todos os traballadores sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente do nivel do sistema galego de servizos sociais no que desenvolvan o seu exercicio profesional, outórgalle unha notable virtualidade de cara a impulsar a actuación coordinada no marco do sistema galego de servizos sociais e complementar os demais instrumentos de coordinación da administración autonómica.

Igualmente, o contido do acordo polo que se pacta a prórroga de catro anos do convenio de colaboración entre esta consellería e o COTSG mediante o que se encomenda a xestión dos sistemas de información básicos do sistema galego de servizos sociais, **continúa a manter a finalidade última de contribuir a garantir unha prestación homoxénea dos servizos sociais, en igualdade de condicións para todos os cidadáns da comunidade autónoma.** O seu obxecto non está comprendido en ningún dos contratos regulados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*, e cumpre as condicións previstas no artigo 6 desta Lei para poder consideralo un negocio xurídico excluído do seu ámbito de aplicación, porque:



- a) As partes asinantes non teñen vocación de mercado.
- b) O convenio de colaboración e o acordo expreso da súa prórroga, regulan a encomenda da Consellería de Política Social e Igualdade das actividades técnicas que implican a xestión dos sistemas de información básicos dos servizos sociais comunitarios en favor da Corporación de dereito público que legalmente exerce as funcións encomendadas con carácter xeral para todos os profesionais da comunidade autónoma con independencia do nivel no que presten os seus servizos profesionais, coa finalidade de garantir que todos os traballadores e as traballadoras sociais participen das mesmas metodoloxías e criterios de actuación profesional para garantir unha prestación homoxénea dos servizos sociais e en igualdade de condicións par todos os cidadáns da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) O desenvolvemento da encomenda obxecto de pacto entre as partes continuará a guiarse unicamente por consideracións relacionadas co interese público, razóns de eficacia e falta de medios.

En exercicios anteriores, a realización das actividades encomendadas foi instrumentada a través dun contrato público de servizos tramitado polo procedemento negociado sen publicidade por razón de exclusividade. Tal e como se reitera na “memoria-proposta” que forma parte do expediente da prórroga,

- tanto os argumentos xurídicos reflectidos nos informes do Asesor Xurídico da Consellería de Política Social dos días 28/06/2017 e 09/08/2017 nos que cuestiona o encaixe a dereito do procedemento negociado sen publicidade,
- como a recente xurisprudencia comunitaria, en virtude da cal semella que no COTSG **non** concorrerían os requisitos establecidos na Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 26 de febreiro de 2014 para ter a consideración de operador económico e, en consecuencia, ter aptitude para participar nas licitacións públicas,

aconsellan que a xestión dos sistemas de información básicos do sistema galego de servizos sociais (SIUSS-SIUSSGAL/PBSS E MATIASS), pola peculiaridade do seu obxecto, que se concreta fundamentalmente en proporcionar unha guía para o adecuado exercicio profesional dos traballadores e traballadoras sociais do sistema público de servizos sociais, non se lle atribúa, en puridade, a natureza dun contrato suxeito á Lei de contratos do sector público e debe ser, en consecuencia, instrumentada a través da figura da encomenda de xestión.

O obxecto da encomenda que agora ve tramitada a súa prórroga dende o 15 de agosto do 2025 ata o 14 de agosto do 2029, refírese fundamentalmente á elaboración e divulgación de regras e criterios técnicos homoxéneos para a utilización das ferramentas informáticas profesionais dos traballadores e traballadoras sociais dos servizos sociais de titularidade pública, en concreto dos profesionais dos servizos sociais comunitarios municipais (artigos 8 e ss., 16, 60 e 61 da *Lei 13/2008, do 3 de decembro*,





de servizos sociais de Galicia, e Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento). Esta tarefa implica a regulación do seu exercicio profesional e, como xa se aludiu, a “ordenación do exercicio das profesións” é un dos “fins esenciais” atribuídos aos colexios profesionais polo artigo 8 da *Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia*.

A maiores, cómpre novamente ter en conta que os apartados b), j) e l) do artigo 9 da lei citada lles atribúen expresamente aos colexios profesionais de Galicia, as seguintes funcións de carácter público:

- ordenar, no marco da súa competencia, a actividade dos seus colexiados e colexiadas,
- organizar actividades dirixidas á formación e perfeccionamento profesional dos colexiados e colexiadas
- e organizar actividades e servizos comúns de carácter profesional que sexan de interese para os colexiados e as colexiadas.

En consecuencia, por propia prescrición da Lei 11/2001, correspóndelle ao COTSG establecer as regras e criterios técnicos para o exercicio da profesión de traballo social que constitúen o obxecto da encomenda obxecto de ampliación na súa duración.

Por todo o exposto, mantéñense as circunstancias, os fundamentos e os motivos que levan a seguir considerando que o COTSG sexa a única entidade adecuada para desenvolver e asumir a responsabilidade da xestión dos sistemas de información básicos do sistema galego de servizos sociais (SIUSS-SIUSSGAL/PBSS E MATIASS), sen que sexa posible promover a concorrencia para o caso que nos ocupa, en base a regulación da Lei 11/2001, do 18 de setembro, que prescribe que esta é a única entidade que ten atribuída a función da ordenación da profesión do traballo social no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha eventual execución das tarefas que integran o obxecto da encomenda por parte de calquera outra entidade que non fose o COTSG, queda descartada desde o momento en que a lei o designa expresamente como a entidade competente para ordenar o exercicio da profesión de traballo social. Adicionalmente, o artigo 37.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, establece con carácter xeral que os traballadores e as traballadoras sociais dos servizos sociais comunitarios municipais serán os “profesionais de referencia” das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais. De acordo co dito precepto, a profesión do traballo social ten atribuído un papel fundamental nos servizos sociais públicos de Galicia: o de configurarse como profesionais de referencia do sistema de protección social.

En conclusión, mantense para o período da prórroga a hipótese de que unha empresa ou entidade privada que contase con persoal técnico de servizos sociais puidese desenvolver as tarefas obxecto da



encomenda de xestión queda excluída polo simple feito de que unha entidade destas características non tería nunca a lexitimidade que a lei lle outorga ao COTSG para sentar os criterios de homologación metodolóxica. En consecuencia, esa hipotética empresa non podería executar as tarefas que se encomendaron e que se pretenden continuar encomendando, precisamente porque carecería da potestade que en materia de regulación do exercicio profesional lle confire a lei ao xa mencionado colexio profesional.

Reitérase como fundamento que apoia a execución desta clase de actividades por un colexio profesional a través dunha encomenda de xestión, o ditame do Consello de Estado 75/2014 do 13 de febreiro do 2014 e que examina o “Proxecto de decreto polo que se establece e regula o modelo de receita veterinaria, se crea o sistema informático integral para a prescrición, dispensa e uso do medicamento veterinario e se regula o rexistro de tratamentos medicamentosos en explotacións gandeiras na Comunidade Autónoma de Cantabria”. O pronunciamento do Consello do Estado é favorable ao respecto da utilización da figura da encomenda de xestión do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, para adxudicarlle ao Colexio Oficial de Veterinarios de Cantabria a xestión do sistema informático cántabro para a prescrición, dispensa e uso do medicamento veterinario en explotacións gandeiras de Cantabria (SICMEVET). O dito ditame do Consello de Estado pódese atopar na ligazón: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=CE-D-2014-75>.

Entre os exemplos de encomendas de xestión a favor de diversos colexios profesionais no marco da actividade das administracións públicas na actualidade, figuran o caso da “Encomenda de xestión polo Ministerio de Transición Ecolóxica ao Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos para a elaboración dun ditame en relación coa presa de Yesa (Navarra)” que foi formalizada mediante un convenio asinado o 22 de xuño do 2018, e o caso da “Encomenda de xestión polo Goberno de Aragón ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, en materia de funcións de acreditación da formación médica continuada, formalizada mediante un convenio asinado o 13 de maio do 2015. Serva tamén como referencia, o convenio formalizado o 14 de agosto do 2019 entre a Consellería de Política Social (actualmente Consellería de Política Social e Igualdade) e o propio COTSG para regular a encomenda de xestión dos sistemas básicos de información dos sistema galego de servizos sociais (SIUSS-SIUSSGAL, PBSS e MATIASS).

En Santiago de Compostela, na data que consta na sinatura dixital.

O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puento

